



Concello de Arbo

Expediente Gestiona: 11/2024

Procedemento: Contratación execucións das obras do “**PROXECTO ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN NO LUGAR DE A CASANOVA (MOURENTÁN)**”, incluído no Plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN + PROVINCIA 2024)

Importe do contrato: 83.208,30 € (IVE do 21% incluído que ascende a 14.441,11€)

MEMORIA DA ALCALDÍA

Vista a convocatoria de axudas, do Plan + Provincia 2024, en concreto, na *Liña 1: Investimentos*, da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, publicada no BOPPO nº 2 de 3 de xaneiro de 2024.

Examinadas as necesidades deste Concello, por esta Alcaldía encargouse a redacción do proxecto denominado “**Ensanche e Pavimentación no Lugar de Casanova - Mourentán**” cun orzamento total de **83.208,30 € (IVE 21% incluído)**, redactado en outubro de 2023 polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Javier Carballo Núñez, e asinado dixitalmente o 29.10.2023.

Á vista do expediente que se tramitou ante a Excma. Deputación Provincial de Pontevedra onde, a través de Resolución da Alcaldía nº 65/2024 de data 12.02.2024, se solicita unha subvención polo 100% da referida actuación denominada “**Ensanche e Pavimentación no Lugar de Casanova - Mourentán**”, cun orzamento total de **83.208,30 € (IVE 21% incluído)**, co fin de mellorar e ampliar os camiños públicos municipais, con cargo ao Plan Máis Provincia 2024: Liña 1 – Investimentos; asumindo o compromiso de cumprir as condicións impostas nas bases do plan Máis Provincia 2024 Liña 1 – Investimentos.

Tendo en conta que consta no expediente proxecto técnico redactado en outubro de 2023, na versión asinada dixitalmente o 29.10.2023, por D. Francisco Javier Carballo Núñez, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos (Colexiado nº 16.225), que serviu de base para a petición da subvención, e no que se fixa como orzamento da referida actuación o importe de 83.208,30 € (IVE do 21% incluído que ascende a 14.441,11 €).

Visto o informe do arquitecto municipal de 31.01.2024 no que se informa sobre a adecuación do proxecto da actuación á normativa urbanística vixente, a necesidade de autorizacións sectoriais, en concreto: *Autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra*, así como sobre a titularidade e dispoñibilidade dos terreos para a execución das obras e as ampliacións foron cedidos polos respectivos titulares, que son tódalas cesións necesarias para poder executar dita actuación, en concreto:

NOME E APELIDOS DO TITULAR	Referencia Catastral da parcela	Data de sinatura





Concello de Arbo

MARCELINO LOPEZ FERREIRA	36001A037000520000SJ	14 de xaneiro de 2023
ANGEL ALVAREZ PEDROSA	36001A037000120000SK	14 de xaneiro de 2023
MARÍA DEL CARMEN PÉREZ PORTUGUES	36001A037000110000SO	14 de xaneiro de 2023
ANTONIO FONTES DAVILA	36001A037000030000SP	14 de xaneiro de 2023

Tendo en conta que dita actuación atópase sometida a autorización previa do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación Provincial e Pontevedra, e tras solicitude presentada o 05/02/2024, recíbese o día 26.02.2024 (R.E. núm. 433), escrito de 22.02.2024 do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais polo que se autoriza a execución as obras contempladas no proxecto de “ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN NO LUGAR DE A CASANOVA, MOURENTÁN, CONCELLO DE ARBO,” dentro da zona de afección da EP-5003 (expte. 2024007147), cos seguintes condicionados:

“1. A afección consiste na ampliación e pavimentación do camiño existente na marxe esquerda da estrada, que accede á mesma no p.q. 11+150.

2. O contratista adxudicatario deberá depositar unha fianza de 2.500,00 € previamente ao inicio das obras, requisito sen o cal esta autorización carecerá de validez. A empresa adxudicataria das obras deberá poñerse en contacto co Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra antes de constituír a fianza requirida.

3. Asegurarase que o acceso teña unha pendente transversal adecuada para evacuar as augas pluviais sen afectar ó correcto drenaxe da estrada provincial.

4. Respecto ó acabado da capa de rodadura, na zona de contacto coa superficie existente, realizarase un corte limpo do pavimento con serra circular de disco.

5. No entronque coa estrada provincial pavimentarase toda a superficie do acceso, incluíndo a amplitude necesaria para garanti-los radios de xiro. A orde circular 2/2017 de accesos ás estradas de Galicia establece que “O deseño en planta dos accesos realizarase de tal xeito que os radios de enlace das aliñacións serán de quince metros (15 m) como mínimo” e “Se as obras afectan a accesos existentes autorizados, no proxecto deberanse de contemplar como obras a realizar polo interesado aquelas necesarias para a reposición dos anteditos accesos segundo os principios establecidos nesta Orde. Se non é posible cumprir estritamente todos os seus preceptos, cando menos deberanse manter as mesmas condicións de seguridade viaria coas que contaban anteriormente”, polo que se debe facer a transición intentando cumprir os radios de enlace.

6. Na zona de servidume (2 m medidos dende o borde do dominio público), o pavimento reporase con formigón bituminoso en quente coa mesma estrutura ca do firme existente na estrada provincial. Na reposición das capas granulares inferiores manteranse os mesmos espesores e tipoloxía de material que o existente sendo como mínimo 25 cm de macadam bituminoso sobre saburra artificial. Comprobarase a compactación da base antes da reposición da capa de rodadura.





Concello de Arbo

7. Colocarase sinalización definitiva no vial municipal, consistente nun sinal vertical de STOP así como as marcas viais correspondentes a esta sinalización.

8. Non se afectará ao tráfico que circula pola estrada.

9. A conservación e mantemento do acceso, mesmo na parte do dominio público viario, corresponderalle á persoa titular da autorización.

10. A execución das obras, a súa conservación e mantemento, así como a subsanación dos posibles deterioros que estas poidan producir sobre a estrada provincial, será por conta do solicitante.

11. As obras executaranse de forma que produzan as menores perturbacións posibles á circulación, dispoñendo a oportuna sinalización, balizamento e defensa de acordo coa normativa vixente.

12. A sinalización a empregar para os desvíos de tráfico durante a ocupación da vía pública será conforme á seguinte normativa: 1. Instrucción 8.3-IC sobre señalización, balizamento, defensa, limpeza y terminación de obras fijas fuera de poblado. 2. Manual de ejemplos de señalización de obras fijas. Dirección General de Carreteras, 1997. 3. Señalización móvil de obras. Dirección General de Carreteras, 1997.”

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra en sesión celebrada o 8 de marzo de 2024, sendo recibida a notificación a través da sede electrónica do Concello de Arbo o 11.03.2024. (núm. rexistro entrada: 2024-E-RC-587) concédese ao concello de Arbo unha subvención por importe de 83.208,30 euros co obxecto do financiamento do investimento “ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN NO LUGAR DE CASANOVA-MOURENTÁN” (Exp: 2024012156).

Ante a necesidade de contratar a execución das obras do “ **PROXECTO ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN NO LUGAR DE A CASANOVA (MOURENTÁN)**”, incluído no Plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN + PROVINCIA 2024), na versión dixitalmente asinada o 29.10.2023 por D. Francisco Javier Carballo Núñez, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos (Colexiado nº 16.225), que serviu de base para a petición da subvención, e no que se fixa como orzamento da referida actuación o importe de 83.208,30 € (IVE do 21% incluído que ascende a 14.441,11€), constando autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación de Pontevedra de data 22.02.2024, e que conta con financiamento da Deputación Provincial de Pontevedra, no importe de 83.208,30 € (IVE do 21% incluído que ascende a 14.441,11€) en virtude do acordo da Xunta de Goberno do Ente Provincial de 08.03.2024, recibido a través da sede electrónica do Concello de Arbo o 11.03.2024 (núm. rexistro entrada: 2024-E-RC-587), por Resolución da Alcaldía nº 151 /2024 de data 20.03.2024, tras avogar a competencia delegada en Xunta de Goberno Local, resólvese iniciar o expediente para a contratación das referidas obras por procedemento aberto, trámite ordinario, oferta economicamente máis vantaxosa (varios criterios de adxudicación).

En cumprimento da resolución da alcaldía nº 151/2024 de data 20.03.2024 de iniciación do procedemento de contratación das obras, tras avogar a competencia





Concello de Arbo

delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución de 21 de xuño de 2023, elabórase a presente **MEMORIA XUSTIFICATIVA:**

Obxecto do contrato:

As obras incluídas neste proxecto consisten no ensanche e a pavimentación dun camiño municipal, no lugar da Casanova, na parroquia de Mourentán.

O camiño é de titularidade municipal, e atópase en terra, entroncando coa estrada provincial EP-5003. Dado a súa escasa anchura, expónse alargar a plataforma ata os 3,50 m, e pavimentalo con mestura bituminosa en quente.

Será necesario executar muros de contención para proceder ao ensanche, que se executarán con cachotería granítica.

Previa á pavimentación, repoñerase o regadío existente, mediante a instalación de canlón de media cana de formigón de 30 cm de diámetro, tubaxe de PVC de 315 mm de diámetro, e a execución de 2 arquetas de formigón, que regularán a auga de regadío.

Para a pavimentación definitiva estenderase e compactará unha capa basee de saburra artificial, para logo estender e compactar unha capa de rodadura de mestura bituminosa en quente tipo AC 16Surf 50/70 D.

Coas obras que se expoñen neste proxecto preténdese optimizar o servizo que ofrece o camiño, realizando un ensanche necesario, e unha pavimentación que permita aos vehículos transitar de forma segura polo vial.

Inclúense as seguintes actuacións:

O presente proxecto desenvolve o ensanche e posterior pavimentación dun camiño municipal no lugar da Casanova, na parroquia de Mourentán. Ampliarase a plataforma e pavimentarase, todo iso dentro do concello de Arbo.

Comezarase executando unha limpeza de marxes con apertura de cunetas ao longo dos 200,00 metros de actuación.

Demoleranse os muros existentes necesarios para executar o ensanche. A superficie total de muros a demoler é de 307,00 m².

Tamén se contempla retirar as viñas afectadas polo ensanche, deixando os emparrados non afectados, en perfectas condicións de amarre e tensión. A suma completa de lonxitude de viñas afectadas é de 79,00 m.

A continuación, executarase a escavación en desmonte necesaria, para conseguir un ancho de plataforma pavimentada de 3,50 metros. O volume necesario de escavación ascende a 581,60 m³.





Concello de Arbo

Executaranse os muros de contención con cachotería de pedra granítica, tal e como reflicten os planos e as medicións deste proxecto. A superficie de muros de contención será de 361,30 m². Segundo váianse executando os muros, iranse enchendo no trasdós, compactando o recheo en capas de 50 cm de espesor (705,55 m³).

Antes de proceder á pavimentación renovarase o regadío existente na zona. Para iso, será necesaria a colocación de 10,00 m de canlón de media cana de 30 cm de diámetro, e a instalación de 30,00 m de tubaxe de PVC de 315 mm de diámetro. Para controlar a rega, exponse a execución de 2 arquetas de formigón de 50x50, con trampillas metálicas.

Tamén se retranqueará o poste de formigón existente da rede eléctrica, pois se atopa na zona de ensanche.

Seguidamente, estenderase e compactará unha capa de saburra artificial de 20 cm de espesor en toda a lonxitude do tramo, resultando un volume total de saburra de 137,85 m³.

Seguidamente estenderase e compactará unha capa de 5 cm de espesor de mestura bituminosa en quente tipo AC 16Surf 50/70D na totalidade da obra. A superficie total será de 689,25 m², dando así por concluídas as actuacións correspondentes a este proxecto de construción.

Orzamento base de licitación das obras e Valor Estimado

O **orzamento base de licitación** das obras ascende á cantidade de **83.208,30 €** (IVE do 21% incluído que ascende a 14.441,11€)

O **valor estimado do mesmo** ascende á **68.767,19€** (IVE do 21 % excluído), sendo o importe correspondente ao IVE do 21 % de 14.441,11€.

Viabilidade:

O Concello conta coa concesión de subvención no marco do Plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN + PROVINCIA 2024), Liña 1: Investimentos, con destino ao financiamento do 100% do investimento denominado "**ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN NO LUGAR DE A CASANOVA (MOURENTÁN)**" en virtude do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra adoptado en sesión de 08.03.2024, tras notificación recibida a través da sede electrónica do Concello de Arbo o 11.03.2024 (núm. rexistro entrada: 2024-E-RC-587).

CONCLUSIÓNS:

Coas actuacións previstas preténdese optimizar o servizo que ofrece o camiño, realizando un ensanche necesario, e unha pavimentación que permita aos vehículos transitar de forma segura polo vial.





Concello de Arbo

Por último, o Concello conta con financiamento ao 100% para acometer dito investimento en base a subvención concedida polo Ente Provincial no marco do Plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN + PROVINCIA 2024): Liña 1: Investimentos.

O alcalde. Horacio Gil Expósito. *Documento asinado dixitalmente á marxe.*

